

INSTRUCCIÓN PARA PERSOAS FÍSICAS

As persoas físicas deberán presentar 1 sobre pechado que conteña 3 sobres pechados:

Sobre núm. 1 “DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA”

En leste sobre, os licitadores que optan a un posto de alimentación deberán incluír a seguinte documentación:

ANEXO III

- Declaración responsable para persoas físicas segundo modelo anexo III do prego

ANEXO IV

- Modelo autorización para cesión de información

ANEXO V

- Compromiso de utilizar o posto de conformidade co previsto no anexo I do prego, segundo modelo anexo V do prego

ACREDITACIÓN DE ESTAR AO CORRENTE DOS DEBERES TRIBUTARIOS E COA SEGURIDADE SOCIAL a data fin de presentación de proposicións.

- Certificado positivo de ATRIGA (Xunta de Galicia)
- Certificado positivo da AEAT (Facenda)
- Certificado de estar dado de alta no IAE e último recibo de pago do imposto ou certificado de exención do pago do imposto.
- Certificado positivo da Seguridade Social
- O certificado de non ter débedas co Concello de Carballo será incorporado de oficio ao expediente.

OS LICITADORES QUE OPTEN A UN POSTO DE ALIMENTACIÓN, TAMÉN TEÑEN QUE INCLUÍR NESTE SOBRE Núm. 1 A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

SOLVENCIA TÉCNICA

Deberán incluír no sobre a acreditación de ter unha experiencia mínima dun (1) ano na actividade comercial idéntica á do posto ao que licitan. A experiencia acreditarase coa declaración do empresario ou empregador, copia do contrato de traballo ou informe de vida laboral.

Para o caso de autónomos acreditarase coa certificación da Axencia Tributaria do alta no IAE, epígrafe, descrición do mesmo e períodos de exercicio na actividade comercial de que se trate ou informe de vida laboral.

Ou ben poden acreditar a súa solvencia mediante formación regrada ou cursos impartidos por organismos oficiais ou homologados, directamente relacionados coa actividade comercial do posto ao que licitan.

CARNÉ DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS PARA ACTIVIDADES DE TIPO ALIMENTARIO

Deberá incluír en leste sobre o carné de manipulador de alimentos

Sobre núm. 2 “PROXECTO DE EXPLOTACIÓN DA ACTIVIDADE COMERCIAL”

Neste sobre deberán presentar o seu proxecto de explotación da actividade comercial segundo os criterios de valoración sinalados na cláusula 14.1 do PCAP, que son os seguintes:

Segundo a cláusula 14.1. Proxecto de explotación da actividade económica a desenvolver no posto de venda ao que se licita: ata 30 puntos.

Valorarase o proxecto de explotación da actividade económica do posto ao que se licita, que non afectará nin aos horarios de funcionamento do mercado nin a aqueles aspectos regulados polo regulamento do servizo de mercado de abastos que sexan de competencia da entidade local.

Referirase a aqueles aspectos de funcionamento interno da actividade comercial e que só afectan a esta, que, a título meramente enunciativo, poderían referirse a:

- Melloras no servizo
- Variedade de produtos
- Sistemas de pago: Instalación de cobranza con tarxetas de crédito ou débito
- Reparto a domicilio
- Recepción de pedidos por teléfono, sms, ...
- Descontos por fidelización do usuario
- Campañas de promocións ou ofertas especiais

Sobre núm. 3 “CRITERIOS DE VALORACIÓN OBXECTIVA”

Neste sobre deberán presentar:

ANEXO VI Posto

A oferta económica, que se axustará ao modelo ANEXO VI do prego para ofertar a un ou varios postos do mercado. Como máximo poderase optar a tres (3) postos, sempre que estes sexan lindeiros.

Se optan a máis de 1 posto, deberán fixar a súa preferencia conforme indca o modelo de oferta económica do ANEXO VI

ANEXO VII Almacén

A oferta económica, que se axustará ao modelo ANEXO VII do prego para optar a un almacén vinculado á concesión dun posto.

O prego que rexe este contrato privado de concesión de postos e os seus ANEXOS están dispoñibles na seguinte ligazón na Plataforma de Contratación do Sector Público:

[Plataforma de Contratación del Sector Público \(contrataciondelestado.es\)](http://contrataciondelestado.es)

O prazo de presentación de ofertas finaliza o 11 de decembro de 2023.

O Rexistro de Entrada do Concello de Carballo ten horario de atención ao público de luns a venres, de 09:30 h. a 13.30 h.